



Memoria de xestión 2006

consorcio de bibliotecas universitarias de galicia

MEMBROS DO CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Investigación,
Desenvolvemento e Innovación



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de
Ordenación e Calidade do
Sistema Universitario de Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de
Promoción Científica e Tecnolóxica
do Sistema Universitario de Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral de Creación
e Difusión Cultural



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Comunicación
Dirección Xeral de
Comunicación Audiovisual

ÍNDICE DE CONTIDOS

| | |
|---|-----|
| 1. Introducción..... | 1 |
| 2. Estrutura organizativa | 4 |
| 3. Orzamentos | 6 |
| 3.1. Execución..... | 7 |
| 3.2. Convenios | 10 |
| 4. Persoal | 12 |
| 5. Infraestruturas e tecnoloxía | 14 |
| 6. Recursos de información | 17 |
| 7. Estudos de BUGalicia..... | 22 |
| 7.1. Estudo dos usuarios investigadores de BUGalicia versus recursos electrónicos | 24 |
| 7.2. Datos de uso das bases de datos referenciais | 31 |
| 7.3. Estudo de uso das coleccións de revistas electrónicas por paquetes | 45 |
| 7.4. Estudo pormenorizado do uso dos paquetes de revistas electrónicas | 52 |
| 7.4.1. Consideracións previas..... | 52 |
| 7.4.2. Estudo do uso conxunto de BUGalicia | 55 |
| 7.4.3. Estudo do uso individualizado de cada universidade | 72 |
| 1. Budc | 72 |
| 2. Busc | 79 |
| 3. Buvi | 86 |
| 7.4.4. Listados dos títulos que aportan o 80% das descargas | 93 |
| 7.5. Distribución por áreas de coñecemento das revistas electrónicas | 108 |
| 7.5.1. Distribución por áreas de coñecemento ANEP..... | 108 |
| 7.5.2. Distribución por áreas ANECA..... | 116 |
| 7.6. Distribución dos usuarios investigadores por departamentos e áreas ANECA | 121 |

1. Introducción

Concepción Herrero López, Presidenta de BUGalicia

Durante este ano 2006 realizáronse no **Consortio de Bibliotecas Universitarias de Galicia** un número importante de actividades que supuxeron un traballo moi intenso en esforzo e dedicación por parte de todo o persoal do mesmo e que, ademais, contou coa colaboración eficaz do persoal das tres BUs, encabezados polos seus directores, en todos aqueles asuntos e proxectos que o requiriron. Non obstante houbo traballos e proxectos incluídos no Plan de actividades deste ano, que non se puideron rematar e outros nin sequera comezar, simplemente por falta de tempo para acometelos; quedan pois na débeda deste 2006 para co 2007. Nos puntos que seguen desta memoria veranse con máis detalle os principais traballos desenvolvidos. Nesta introdución quero en primeiro lugar sinalar a importancia que para a **BUDC** supuxo contar co apoio técnico de BUGalicia no proxecto de arranque e **implantación do sistema Millennium**, e a continuación tratarei de compendiar e destacar a modo de resumo aquelas que me parece foron as achegas máis importantes feitas por BUGalicia á comunidade bibliotecaria e universitaria galega neste período:

1. Continuación da ampliación e mellora da **Biblioteca Dixital de BUGalicia** coa decisión de contratación, para o ano 2007, de licenzas de acceso a catro novos e importantes paquetes de revistas: **Taylor and Francis, Cambridge University Press, Oxford University Press e Cell** (este último xa accesible dende outubro deste ano 2006). Ademais de renovarse tódalas plataformas de revistas subscritas ampliouse, sen incremento de custo, o acceso á licenza da colección completa de **Kluwer** que ata este ano 2006 só da acceso electrónico ós títulos das coleccións impresas previamente subscritas polas tres universidades. En conxunto **estes acordos suporán para o próximo ano 2007 un incremento de 2.240 novos títulos** de tódalas áreas do saber, procedentes de catro editoriais de contrastada calidade no mundo da edición científica e académica. Así BUGalicia xestionou neste ano 2006 unha **colección de revistas electrónicas** próxima aos **7.000 títulos en curso** e outros **9.700 títulos non actualizados** incluídos en bases de datos a texto completo.

No apartado de bases de datos neste ano 2006 destacamos o pago da licenza de acceso a **Scopus**, unha base de datos de ámbito multidisciplinar xa en proba en BUGalicia dende xuño de 2005, e que inclúe unha moi ampla cobertura da produción científica mundial de tódalas áreas de coñecemento. Ademais contratáronse outras dúas bases de datos máis específicas: **LexisNexis** con información de interese para as áreas de ciencias sociais e xurídicas e **Sport-Discus** que inclúe información de interese para tódalas áreas relacionadas coa actividade deportiva. Con esta licenza son **36 as bases de datos** contratadas por BUGalicia para o conxunto do SUG.

No apartado de Libros electrónicos, punto débil da nosa oferta de recursos de información, **comprouse unha colección de libros electrónicos de NetLibrary**, próxima ás **4.400 obras**, que estará accesible par ao ano 2007, co obxecto de por a disposición fundamentalmente do sector de usuarios alumnos unha mínima colección de obras que abarcase tódolos ámbitos do coñecemento científico. Esta colección de libros sumada a outro tipo de documentos como actas de congresos, normas, informes, etc, incluídos en varias base de datos de referencia, elevará a **uns 14.000 títulos** a oferta de **obras monográficas** a texto completo para o ano 2007.

2. Continuación da realización de **estudos de uso das coleccións electrónicas de BUGalicia** mellorando o control das coleccións de títulos dos paquetes de revistas e bases de datos, perfeccionando o control dos datos estatísticos de tódolos recursos e perfilando a metodoloxía de análise dos mesmos, co obxecto de proporcionar ás bibliotecas universitarias un elenco de datos fiables que lle permitan analizar e extraer as conclusións oportunas sobre o nivel de pertinencia e de uso das coleccións de recursos electrónicos xestionados polo Consorcio. Neste punto, BUGalicia ofrece unha serie de estudos dos recursos informativos licenciados consorciadamente e do uso que dos mesmos están a facer as tres comunidades universitarias; estudos que se anexan a esta memoria.
3. Decisión de adquirir para o 2007 un novo **xestor de recursos de información** co obxectivo de facilitar e mellorar o acceso á información contida tanto nos recursos consorciados como nos recursos propios de cada Biblioteca Universitaria. Trátase da implementación dun portal que persigue integrar o acceso á información á práctica totalidade dos recursos contratados, así como aqueles recursos de acceso libre, propios ou externos á biblioteca, de referencia ou de texto completo, que a priori se considere conteñen información de interese para os nosos usuarios, co obxectivo final de axilizar o proceso de esculca bibliográfica e de mellorar a rendibilidade do uso da información dispoñible. Poderíámolo resumir dicindo que estamos traballando na perspectiva de ofertar aos nosos usuarios un **portelo único** de acceso á información bibliográfica das nosas bibliotecas.

A adquisición dun xestor de información fora xa decidida no ano 2005 con un acordo de compra dos produtos da empresa Endeavor: LinFinder Pluss e EnCompas. Mais a súa fallida instalación obrigounos a decidir a resolución do contrato con Endeavor e a comezar un novo proceso de selección, decantándonos finalmente por un produto da empresa ExLibris, que conta xa cunha importante presenza en varias BUs españolas, e que está conformado por dúas ferramentas: o xestor de enlaces SFX e o propiamente metabuscador MetaLib. A súa implementación, que se realizará en dúas fases inmediatas, encetou os seus traballos cun equipo de traballo interuniversitario composto por 13 persoas, técnicos bibliotecarios e informáticos, en colaboración con GreenData empresa subministradora do software en España, e coordinado por BUGalicia.

4. Toma de decisión para adquisición do **xestor de referencias bibliográficas RefWorks**. Trátase dun produto deseñado para facilitar a organización e control da bibliografía utilizada tanto na docencia como na investigación, e que estará a disposición da totalidade dos usuarios das tres universidades. É unha ferramenta utilizable vía web, en calquera momento e dende calquera lugar onde se atope o usuario. Recurso que están adquirindo moitas universidades españolas e que está tendo unha excelente acollida.
5. Outro aspecto a destacar no repaso das actividades deste ano 2006 é a referida á configuración da **personal da Oficina Técnica de BUGalicia**. Tratada na Comisión Técnica de 19 de xuño e aprobada no Consello de Goberno do 3 de xullo, incluíu a creación de dúas novas prazas, unha de analista programador e outra de xestor de documentación. Esta nova **RPT** estrutura a oficina de xestión de BUGalicia en catro unidades: Dirección, Administración, Xestión Bibliotecaria e Sistemas Informáticos, co seu correspondente cadro de funcións. Unha vez realizada a súa publicación no DOG procedeuse á convocatoria de concurso oposición para a cobertura das prazas de nova creación, proceso que quedou rematado no mes de novembro. Este proceso haberá de continuarse no próximo ano 2007 coa convocatoria de concurso oposición do resto das prazas nun proceso de consolidación do personal de BUGalicia.
6. Sinatura de **convenios coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e coa Consellería de Innovación e Industria** para o financiamento extraordinario dalgúns dos produtos sinalados nos puntos anteriores: Scopus, NetLibrary e Metalib-SFX. Este é outro punto de especial satisfacción para o Consorcio BUGalicia, por canto supuxo para nós unha importante achega económica, próxima aos 450.000 €, e da que se van beneficiar directamente as nosas BUs e tódolos seus usuarios.
7. E, finalmente, sinalar que este ano 2006 produciuse a **renovación do Convenio de Creación de BUGalicia** por un período de cinco anos, e que tivo un complemento moi importante na **Addenda ao Convenio de Creación** aprobada no Consello de Goberno do mes de outubro. Nesta addenda aprobouse, por unanimidade, un incremento moi importante nas achegas orzamentarias para o ano 2007, consolidable para os anos vindeiros, por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que aumenta o seu apoio a BUGalicia cunha importante achega por parte da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG, e tamén por parte da Consellería de Innovación e Industria que incrementou tamén de forma notable, a través da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, a súa achega orzamentaria ao Consorcio.

Pensamos que esta actitude de recoñecemento e apoio permite a BUGalicia encarar o seu futuro con optimismo e con fundadas esperanzas de poder seguir contribuíndo á mellora do sistema educativo, investigador e de innovación do Sistema Universitario

Galego e anímanos a seguir definindo e afrontando proxectos de cooperación que persigan o aporte de melloras aos sistemas bibliotecarios das nosas universidades, que entendemos son os dous eixes de actuación que aparecen definidos como fundamentais no Convenio e nos Estatutos de BUGalicia.

2. Estrutura organizativa

Institucións membros de BUGalicia:

- Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación - Consellería de Innovación e Industria
- Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do SUG – Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
- Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG – Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
- Secretaría Xeral de Comunicación – Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural – Consellería de Cultura e Deporte
- Universidade da Coruña
- Universidade de Santiago de Compostela
- Universidade de Vigo
- Centro de Supercomputación de Galicia

Órganos de goberno

Consello de Goberno de BUGalicia

Membros:

D^a Concepción Herrero López. Vicerreitora de Investigación da Universidade da Coruña. Presidenta

D. Salustiano Mato de la Iglesia. Director Xeral de I+D+i

D. José Ramón Leis Fidalgo. Director Xeral de Ordenación e Calidade do SUG

D. José Manuel Fernández Iglesias. Director Xeral de Comunicación Audiovisual

D. Xosé Luis Bará Torres. Director Xeral de Creación e Difusión Cultural.

Dna. Carmen Pérez Pais. Representante da Universidade da Coruña

D. Eduardo García-Rodeja Gayoso. Vicerreitor de Investigación e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela (ata xuño 2006)

Dna. M^a José Alonso Fernández. Vicerreitora de Investigación e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela (dende xuño 2006)

Dna. Mercedes Brea López, Presidenta da Comisión da Biblioteca Universitaria de

Santiago de Compostela (ata agosto 2006)

Dna. Helena de Carlos Villamarín. Presidenta da Comisión da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela (dende setembro 2006)

D. José Cidrás Pidre. Vicerreitor de Investigación da Universidade de Vigo (ata agosto 2006)

D. Manuel Reigosa Roger. Vicerreitor de Investigación da Universidade de Vigo (dende setembro 2006)

D. Jorge Figueroa Dorrego. Representante da Universidade de Vigo.

D. Javier García Tobío. Director Xerente do Centro de Supercomputación de Galicia.

Xosé A. Regos Varela. Director Técnico do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia. Secretario

Comisión Técnica de BUGalicia

D^a Concepción Herrero López. Vicerreitora de Investigación da Universidade da Coruña. Presidenta

Angeles Campos Martínez. Xefa do servizo de Bibliotecas da UDC

María Virtudes Pardo Gómez, Directora da BUSC

Gerardo Marraud González. Director da BUVI

Xosé A. Regos Varela. Director técnico de BUGalicia

Carmen Balsa Breijo. Responsable de administración de BUGalicia. Secretaria (sen voz e sen voto)

O **Consello de Goberno** reuniuse en tres ocasións: o 3 de xullo, 16 de outubro e 20 de decembro para tratar e aprobar fundamentalmente asuntos relacionados con:

Memoria de BUGalicia 2005

Renovación, cancelación e contratación de novos recursos

RPT de BUGalicia

Metabuscador

Addenda ao Convenio de BUGalicia para o 2007

Xestión orzamentaria:

- balance económico de 2005
- auditoría de revisión contable de 2005
- incorporación de remanentes
- xeración de crédito
- modificacións orzamentarias no exercicio 2006
- incremento orzamentario para o 2007
- proposta de orzamento para 2007

Cursos de formación profesional

Plan de actividades 2007

A **Comisión Técnica** reuniuse en catro ocasións: o 19 de xuño, 5 e 13 de outubro e 13 de decembro para tratar e aprobar fundamentalmente asuntos relacionados con:

Memoria 2005
Metabuscador
Renovacións, cancelacións e novas propostas de contratación de produtos
Auditoría de revisión contable 2005
Balance orzamentario 2005
Modificacións orzamentarias 2006
Addenda ao Convenio de BUGalicia para 2007
Proposta de orzamento para 2007
Convenios
Novos indicadores de reparto orzamentario
RPT de BUGalicia
Contratación de persoal
Plan de actividades para 2007

Oficina técnica de BUGalicia

Director técnico
Xosé A. Regos Varela

Persoal da oficina:
Bárbara González Núñez. Bibliotecaria
José Vicente Piñeiro Vázquez. Analista Programador
Carmen M^a Balsa Breijo. Oficial administrativo
Valme Cid Pozo. Analista programador (dende o 20 de novembro)
Begoña Rodríguez Agoure. Xestor de Documentación (dende o 23 de novembro)

Subvención da Consellería de Traballo para contratación de traballadores
desempregados
Mónica Pena Pereira (dende o 1 de novembro)
Convenio coa ACSUG. Observatorio de Ciencia e Tecnoloxía Universitario de Galicia
(OCTUGA)
M^a del Mar Rego López (dende o 21 de decembro)

3. Orzamentos

O orzamento de Bugalicia para o ano 2006, aprobado no Consello de Goberno de dezaseis de decembro de 2005 ascendeu a **4.184.772,57 €**. Este orzamento inicial será incrementado na reunión do Consello de Goberno de data vinte de decembro de 2006, quedando da seguinte maneira:

- Incorporación do **Remanente do ano 2005** de **436.201,78 €** que se distribúe do seguinte xeito:

| | |
|---------------------------------|---------------------|
| Total remanente 2005 | 436.201,78 € |
| Capítulo I Gastos de persoal | 15.789,63 € |
| Capítulo II Gastos correntes | 406.115,15 € |
| Capítulo III Gastos financeiros | 1.000,00 |
| Capítulo VII Inversións reais | 13.297,00 € |

- **A Transferencias Correntes:**
 - **24.000 €** provenientes do Convenio de Colaboración entre o Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego e o Consorcio BUGalicia para a posta en marcha do Observatorio de Produción Científica e Tecnolóxica do SUG.
 - **203.325,78 €** provenientes das achegas aportadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a contratación da licenza de acceso á base de datos Scopus de Elsevier por parte Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG.
- **A Transferencias de capital:**
 - **136.341,00 €** provenientes do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia para a adquisición dun xestor de recursos de información.
 - **96.674,22 €** provenientes das achegas aportadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a adquisición da colección de libros electrónicos NetLibrary por parte da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG.

Deste xeito os ingresos reais finalmente recibidos no ano 2006, unha vez incorporadas estas modificacións, ascenderon a **5.081.315,35 €**.

3.1. Execución


Ingresos:

Os **ingresos ordinarios** de BUGalicia proviñeron das achegas que fan os seus membros segundo o establecido no convenio de creación do consorcio e dos convenios asinados

CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA

con diferentes institucións no último trimestre do ano 2006, nas cantidades que se expresan a continuación:

| INSTITUCIÓN | IMPORTE TOTAL | PORCENTAXE |
|---|----------------|------------|
| DX. I+D+i | 1.338.294,00 € | 56,63% |
| D.X. DE ORDENACIÓN E CALIDADE DO SUG | 345.550,71 € | 14,62% |
| D.X. DE PROMOCIÓN CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA DO SUG | 300.000,00 € | 12,70% |
| D.X. DE COMUNICACIÓN SOCIAL E AUDIOVISUAL | 68.326,06 € | 2,89% |
| UDC | 103.620,00 € | 4,39% |
| USC | 103.619,50 € | 4,39% |
| UVI | 103.619,50 € | 4,39% |
| Total achegas | 2.363.029,77 € | 100% |





Gastos:

A cifra de gastos final foi de **4.620.554,98 €** quedando distribuída da seguinte maneira:

- Gastos correntes e de mantemento: a cifra de gastos correntes ó peche do exercicio foi de 4.320.342,26 € e os ingresos correntes finais foron de 4.682.817,71 € resultando un saldo positivo de **362.475,45 €**.
- Investimento: a cifra de gastos de investimento ó peche do exercicio foi de 300.212,72 € e os ingresos aplicados ós mesmos foron de 398.497,64 €, resultando un saldo positivo de **98.284,92 €**

A porcentaxe da distribución do gasto exprésase nas seguintes gráficas

CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA



A liquidación final do orzamento foi a que segue:

| | ORZAMENTADO | REAL |
|---------------------------|----------------|---------------------|
| INGRESOS | 4.184.772,57 € | 5.081.315,35 € |
| GASTOS | 4.184.772,57 € | 4.620.554,98 € |
| DIFERENZA POSITIVA | | 460.760,37 € |

3.2. Convenios

Renovación do Convenio de Creación de BUGalicia

Con data do 3 de xullo de 2006, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Cultura e Deporte, a Secretaría Xeral de Comunicación da Presidencia da Xunta de Galicia, a Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia e as tres universidades de Galicia asinaron un convenio de colaboración para a renovación do Convenio de Creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, por un período de cinco anos, logo da autorización do Consello da Xunta de Galicia no seu Acordo da reunión de Consello do día 22 de xuño.

Con data 12 de setembro de 2006, publícase no DOG a Resolución do 8 de agosto de 2006 da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia pola que se fai público este convenio de colaboración asinado o 3 de xullo de 2006.

Convenio coa ACSUG para a posta en marcha do Observatorio da Produción Científica de Galicia.

Con data 10 de xullo de 2006, asinouse un Convenio de Colaboración entre a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia e o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia para a posta en marcha do Observatorio de Produción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia, promovido pola Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG.

O obxecto do Convenio é deseñar e por en marcha este observatorio, coa finalidade de recoller datos da situación e evolución dos seus principais indicadores, así como de elaborar estes datos para proporcionar información aos axentes que a precisen. En virtude do convenio a ACSUG aportou a BUGALICIA a cantidade total de vinte e catro mil euros (24.000,00 €), con cargo aos orzamentos do exercicio 2006.

Addenda da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a contratación da licenza de acceso á base de datos Scopus e a compra dunha colección de libros electrónicos de NetLibrary.

Con data 13 de decembro de 2006 asinouse unha addenda ao Convenio para a Renovación do Convenio de Creación de BUGalicia para instrumentalizar unha nova achega aportada pola Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG para o financiamento da base de datos Scopus da empresa Elsevier e a colección de libros electrónicos NetLibrary da empresa DOC6. O importe total do convenio foi de 300.000 €.

Convenio entre a Consellería de Innovación e Industria e o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia para a adquisición dun xestor de recursos de información.

Con data 4 de decembro de 2006 asinouse un convenio entre a consellería de Innovación e Industria e o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia para a adquisición das aplicacións MetaLib e SFX, co obxecto de facilitar aos investigadores e usuarios das bibliotecas universitarias galegas un acceso máis áxil e pertinente á información electrónica dispoñible nas súas bibliotecas dixitais. O importe do convenio foi de 136.341 €, aportados pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

Convenios coas tres universidades galegas para a contratación conxunta de revistas científicas electrónicas.



Ao longo deste ano 2006 renováronse os tres convenios de colaboración entre o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e cada unha das tres Universidades galegas para a xestión da contratación conxunta de revistas científicas electrónicas.

O importe, que en virtude destes tres convenios, transferiron as Universidades ó Consorcio xa aparece reflectido no orzamento do Consorcio asinado en reunión de Consello de Goberno de 16 de decembro de 2005. O importe de cada un deles é o que segue:

- *BUGalicia-UDC*: 517.388,95 €
- *BUGalicia-USC*: 1.316.325,14 €
- *BUGalicia-UVI*: 386.394,07€

Desta maneira o investido en recursos electrónicos no 2006, xestionado a través do Consorcio, sofre unha elevación moi considerable, quedando como segue:

| Gasto en recursos de Bugalicia | | Gasto de Bugalicia + Convenios Universidades | |
|--------------------------------|----------------|--|----------------|
| Bases de datos | 980.842,42 € | Bases de datos | 980.842,42 € |
| Revistas | 852.834,30 € | Revistas | 3.407.766,14 € |
| Libros | 96.674,22 € | Libros | 96.674,22 € |
| Total | 1.930.350,94 € | Total | 4.150.459,10 € |



4. Persoal

Publicación da RPT de BUGalicia

Con data 31 de xullo de 2006, de acordo co artigo 15 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma de función pública, e de acordo co punto 3.3 dos seus Estatutos, foi aprobada a Relación de Postos de traballo do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e publicada no DOG nº 150 do 4 de agosto de 2006 (Anexo 1: RPT de BUGalicia)

Convocatoria de dúas prazas de persoal laboral temporal

Mediante resolución de 9 de agosto do Director Técnico do Consorcio, publícase no DOG nº 158 de 17 de agosto de 2006, a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura de dous postos de traballo de analista programador e xestor de documentación, categorías correspondentes aos grupos III e II respectivamente do IV Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Celebradas as probas durante os meses de outubro e novembro, por Resolucións do Director Técnico do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia 20 e 23 de novembro de 2006 procedeuse ó nomeamento de Dna. Valme Cid Pozo e Dna. Begoña Rodríguez Agoure para os postos de traballo de analista programador e xestor de documentación do Consorcio BUGalicia.

De acordo coas bases IV.1 e V da convocatoria, as aspirantes situadas en segundo e terceiro lugar da praza de xestor de documentación pasaron a constituír unha lista de agarda co fin de seren chamadas para a cobertura temporal de postos de traballo dentro do mesmo grupo e funcións aos convocados caso de se producir esa necesidade.

Contratación dunha persoa para a posta en marcha do Observatorio de Producción Científica de Galicia.

Con data 21 de decembro de 2006 contrátase a Dna. María del Mar Rego López, número un da lista de agarda da praza de Xestor de Documentación antes citada, para o desenvolvemento das actividades propias do convenio.

Subvención para a contratación de traballadores desempregados

Con data 29 de xullo de 2006 a Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo concedeu ó Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia unha subvención para a contratación dun traballador desempregado ó abeiro da Orde do 23 de marzo de 2006. A tal efecto, solicitouse á Oficina de Emprego unha relación de licenciados en Documentación e a persoa seleccionada e finalmente contratada foi

Dña. Mónica Pena Pereira, que comezou a traballar o 1 de novembro de 2006 e finalizará o 31 de outubro de 2007.

Convenio específico para o Desenvolvemento de Formación en Centros de Trabajo.

Con data 7 de abril de 2006 asinouse un convenio entre o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e o I.E.S. Xulián Magariños para acoller en prácticas un alumno das ensinanzas de Administración de Sistemas Informáticos. O alumno designado polo instituto foi Alberto José Viqueira Campos, que colaborou co Consorcio dende o 17 de abril de 2006 ata o 23 de xuño do mesmo ano, e que desenvolveu as súas actividades de prácticas a plena satisfacción colaborando nun novo deseño para a páxina web de BUGalicia.

Formación profesional

Formación profesional propia do persoal de BUGalicia:

- Asistencia ás **IV Jornadas CRAI organizadas por REBIUN e a Universidade de Burgos** celebradas o 10, 11 e 12 de maio de 2006.
- Asistencia ó **VI Workshop REBIUN sobre proyectos digitales**. Madrid 19 e 20 de outubro de 2006.
- Realización do **Curso online sobre Recursos electrónicos: catalogación, normalización y proceso técnico**.
- Asistencia á **XIV Asamblea Anual de REBIUN**, Badajoz, 15, 16 y 17 de novembro de 2006.
- Realización do **Curso de Administrador de Redes Linux**. Academia PC Carrier.
- Formación do **Xestor bibliográfico online Refworks**. Santiago de Compostela Impartido pola empresa DOC6
- Introducción a **Ulrich's Serials Anales System (USAS)**. Impartido pola empresa CSA Santiago de Compostela.

Cursos de formación profesional, cofinanciados por BUGalicia, para o persoal das Bibliotecas Universitarias:

- **Curso de "XML para bibliotecas"** impartido polo profesor da Facultade de Biblioteconomía e Documentación da Universidade Carlos III de Madrid D. Ricardo Eito Brun, celebrado os días 1 e 2 de marzo de 2006 no Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, para persoal das tres BUs e de BUGalicia. Cofinanciado coa USC.
- **Curso "La Biblioteca Híbrida"**, impartido por D. Lluís Anglada, director do CBUC e D. Miquel Térmens, profesor da Facultat de Biblioteconomía i Documentació da

Universitat de Barcelona os días 12 e 13 de xuño na Biblioteca Concepción Arenal, para persoal da BUSC e de BUGalicia. Cofinanciado coa USC.

A realización deste mesmo curso para os profesionais das BUs de Coruña e Vigo non puido realizarse dentro deste ano por problemas de calendario dos profesores do curso, estando prevista a súa impartición para os primeiros días do mes de febreiro do vindeiro ano.

Cursos de formación sobre recursos electrónicos consorciados para o persoal das Bibliotecas Universitarias

- Formación sobre **Plataformas de administración e estatísticas de ScienceDirect e Scopus**. Impartido pola empresa Elsevier. Santiago de Compostela 6 de abril de 2006
- Formación sobre a base de datos **Sport Discuss**. Impartido pola empresa OVID. A Coruña, 7 de marzo. Santiago, 8 de marzo. Vigo, 9 de marzo.
- Formación sobre os **Prácticos** da empresa Aranzadi. Vigo, 13 de marzo. A Coruña 14 de marzo. Santiago, 15 de marzo.
- Formación sobre a base de datos **Lexis Nexis**. Impartido pola empresa DOC6. A Coruña, 21 de marzo. Santiago, 22 de marzo. Vigo, 23 de marzo.
- Presentación da ferramenta de tratamento bibliográfico **Refworks** de DOC6. A Coruña, 21 de marzo. Santiago, 22 de marzo. Vigo, 23 de marzo.
- Formación sobre as bases de datos **Inspec e Compendex**. Impartido pola empresa ELSEVIER. Santiago, 15 de xuño. A Coruña, 15 de xuño. Vigo, 16 de xuño

5. Infraestruturas e tecnoloxía

Metabuscador

Neste apartado destaca a decisión de resolver o acordo de adquisición do software de metabusca e xestión de enlaces da empresa Endeavor Information Systems tomado no ano 2005. Isto ven producido por un cambio de produto que a empresa levou a cabo coincidindo cos comezos mesmos da implantación do software no Consorcio, desembocando nunha solución tecnicamente moi diferente, pola que se pasaba de realizar unha instalación nun servidor local do Consorcio a unha instalación hosting en servidores remotos en EEUU, e resultando finalmente unha modificación completa do contrato asinado, pasando dun produto de compra a un produto de aluguer e, ademais, cunhas condicións técnicas e económicas substancialmente diferentes das anteriores.

(Información máis detallada no Anexo 2: Evolución do proxecto Encompass)

Isto fixo necesario encetar unha nova avaliación dos produtos existentes no mercado para poder comparar e avaliar a nova proposta de Endeavor. Dende o Consorcio realizouse unha análise exhaustiva dos produtos comerciais con maior implantación no mercado, das súas características técnicas e das propostas orzamentarias dos distribuidores, para facilitar unha rápida toma de decisión. Neste proceso analizáronse seis produtos comerciais, dous en modalidade de compra e catro en modalidade de aluguer:

- Solucións en compra:
 - Metalib + Sfx (Greendata)
 - Zportal (Docó)

- Solucións en aluguer (Hosting):
 - Discovery (Endeavor)
 - Serials Solutions (Proquest)
 - Webfeat (Ebsco)
 - SearchSolver (Ovid)

(propostas detalladas no Anexo 3: Nova avaliación de metabuscadores e resolución do novo acordo)

Os seus resultados foron avaliados na Comisión Técnica do día 5 de outubro, e volvéronse a avaliar noutra Comisión Técnica do día 13 de outubro na que se decidiu a resolución do contrato con Endeavor e a contratación de Metalib-Sfx da empresa ExLibris, representada en España pola empresa Greendata.

A compra deste produto foi financiada cunha achega orzamentaria extraordinaria da Dirección Xeral de I+D+i, da Consellería de Innovación e Industria.

Soporte técnico ás bibliotecas

O Consorcio continuou apoiando tecnicamente a explotación do software de xestión bibliotecaria Millennium das bibliotecas universitarias galegas.

Proséguese có soporte técnico sobre o servidor que alberga o sistema da Universidade de Vigo.

No caso da Universidade da Coruña, a principios do 2006, preséntase un novo proxecto de implementación para a posta en marcha definitiva do sistema Millennium. Bugalicia participa activamente neste proceso. Finaliza o ano 2006 coa posta en marcha dos

módulos de Catalogación, Circulación, Publicacións Periódicas a apertura do OPAC público na BUDC.

Ademais, o persoal do Consorcio ten a tarefa de actualización do ficheiro de traducións ao galego de Millennium, común aos OPACs das tres universidades galegas.

Hardware

Ó longo do ano foi preciso adquirir tres novos equipos e algún material informático destinado ao persoal: tres ordenadores persoais, un disco duro, un xogo de altofalantes e micrófono e dous memory stick, así como renovar a licenza do software antivirus.

Tamén xurdiu a necesidade de implantar un xestor de bases de datos potente que nos permitira abordar os proxectos de minería de datos que BUGalicia está a desenvolver. Isto desembocou na necesidade de renovar os servidores que albergan os servizos de intranet e internet do Consorcio, cedidos polo CESGA no ano 2001 e xa tecnicamente insuficientes, polo que se acordou renovar o equipamento.

Tras analizar as necesidades do Consorcio concluímos que a opción máis fiable no tocante a alta dispoñibilidade, flexible en canto á adaptación a diferentes contornos que poden variar en función dos proxectos que xurdan no futuro e escalable para permitir futuras ampliacións, era a de instalar sistemas virtualizados.

Así decidiuse a adquisición de:

- Dous servidores para albergar as máquinas virtuais.
- Unha unidade de almacenamento externa conectada por fibra.
- Un cargador de cintas de backup LTO.
- Un servidor para a xestión e administración dos backups.
- Un monitor enracable e un switch de teclado e rato.
- Un switch de rede de 48 bocas 10/100/1000.
- Software:
 - o Licencias de VMWare Server Enterprise, como ferramenta de virtualización de alta dispoñibilidade.
 - o Licenzas de Windows 2003 Server para ós servidores Windows.
 - o Licenza SQL Server 2005 Enterprise Edition como SGBD.

Web

Durante o ano 2006 fíxose un estudo dos requirimentos necesarios para a adaptación da web do Consorcio á normativa vixente sobre a accesibilidade web nos organismos

públicos, segundo a Lei 34/2002, de 11 de xullo, [Ley de servicios de la sociedad de la información y de comercio electrónico](#). Neste estudo participou D. Alberto José Campos Viqueira, alumno do centro educativo IES Xulián Magariños de Negreira, quen desenvolveu as súas prácticas no consorcio como Técnico Superior en Administración de Sistemas Informáticos entre o 17 abril e o 23 de xuño de 2006, dando como froito o informe: "Proxecto de adaptación web ós estándares de accesibilidade"

(Informe completo no Anexo 4: Estudo de adaptación web aos estándares de accesibilidade)

Neste proxecto apostouse pola implantación de ferramentas de software libre, optando pola implementación e adaptación dun xestor de contidos CMS como alternativa ó desenvolvemento web a medida, en aras de aproveitar a sinxeleza de administración e a escalabilidade destes produtos como portal web.

Levou a cabo un primeiro deseño e adaptación da plataforma Joomla, aínda que por necesidades técnicas doutros proxectos do consorcio máis prioritarios non se puido rematar o proceso de migración, quedando pendente para o ano 2007.

6. Recursos de información

En termos cuantitativos, a colección de recursos electrónicos xestionada por BUGalicia, resúmese nos seguintes datos:

| Títulos en paquetes de revistas | Nº títulos 2006 |
|--|------------------------|
| ACS | 42 |
| BLACKWELL | 765 |
| CAMBRIDGE <i>nova 2007</i> | |
| CELL | 11 |
| ELSEVIER | 1762 |
| JSTOR* | 581 |
| TAYLOR <i>nova 2007</i> | |
| NATURE | 1 |
| SCIENCE | 2 |
| OXFORD <i>nova 2007</i> | |
| SPRINGER | 681 |
| WILEY | 480 |
| IEEE JOURNALS | 238 |
| Total | 4.563 |
| Títulos de revistas en bdd | |
| IUSTEL | 8 |
| CINAHL* | 69 |
| LION* | 175 |
| PCI* | 536 |
| BSP* | 9.874 |
| Total | 10.662 |
| Monografías | |
| IEEE ACTAS DE CONGRESOS | 8.607 |
| IEEE ESTANDARES | 1.725 |
| NETLIBRARY <i>nova 2007</i> | |
| Total | 10.332 |

**Revistas con períodos temporais de embargo*



Evolución do gasto en recursos electrónicos

No financiamento da compra de recursos electrónicos contratados a través de Bugalicia xogaron un papel fundamental as achegas realizadas pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, seguida en importancia pola Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, e as tres Universidades. A compra das bases de datos correu integramente a cargo do orzamento de BUGalicia, mentres que nos paquetes de revistas BUGalicia colaborou coas Universidades no cofinanciamento do custo total das licenzas.


A continuación amosamos a evolución do gasto de BUGalicia dende o 2002:

CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA

| | 2006 | | 2005 | | 2004 | | 2003 | | 2002 | |
|------------------|-------------|----------------|-------------|----------------|-------------|----------------|-------------|----------------|-------------|----------------|
| | Nº recursos | Custo | Nº recursos | Custo | Nº recursos | Custo | Nº recursos | Custo | Nº recursos | Custo |
| databases | 36 | 980.842,42 € | 34 | 704.113,68 € | 33 | 737.562,39 € | 50 | 1.304.199,58 € | 50 | 1.654.205,00 € |
| ebooks | 0 | 0,00 € | 102 | 18.971,36 € | 102 | 21.898,46 € | 102 | 18.668,61 € | 0 | 0,00 € |
| e-journals | 4.563 | 852.834,30 € | 4.247 | 719.565,31 € | 3.721 | 581.710,21 € | 0 | 2.186,85 € | 0 | 0,00 € |
| BUGalicia: total | | 1.833.676,72 € | | 1.442.650,35 € | | 1.341.171,06 € | | 1.325.055,04 € | | 1.654.205,00 € |




*Os títulos de revistas contabilizados nesta gráfica corresponden ás coleccións de revistas subscritas, non se inclúen os títulos a texto completo comprendidos nas bases de datos.




Na seguinte táboa de evolución do gasto en revistas electrónicas amósanse os seguintes datos: o investimento das Universidades, o investimento de BUGalicia, a suma do investimento de BUGalicia e das Universidades, así como a porcentaxe que BUGalicia e as Universidades invisten neste tipo de recursos (gráfica seguinte).

| | 2006 | | 2005 | | 2004 | |
|--|------------|----------------|------------|----------------|------------|----------------|
| | Nº títulos | Custo | Nº títulos | Custo | Nº títulos | Custo |
| Revistas electrónicas: investimento das Universidades | 4.563 | 2.554.931,84 € | 4.247 | 2.258.370,59 € | 3.721 | 2.084.591,93 € |
| Revistas electrónicas: investimento BUG | 4.563 | 852.834,30 € | 4.247 | 719.565,31 € | 3.721 | 581.710,21 € |
| Revistas electrónicas: investimento BUG+ Universidades | 4.563 | 3.407.766,14 € | 4.247 | 2.977.935,90 € | 3.721 | 2.666.302,14 € |
| % do gasto total investido en revistas por Universidades | | 74,97% | | 75,84% | | 78,18% |
| % do gasto total investido en revistas por Bugalicia | | 25,03% | | 24,16% | | 21,82% |

*BUGalicia xestiona a contratación de parte do investimento das Universidades a través da sinatura de varios convenios para á xestión da contratación conxunta de revistas científicas electrónicas. Os editores e Universidades incluídas nestes convenios son os que seguen: Elsevier: BUDC, BUSC, BUVI; ACS: BUDC, BUSC, BUVI; Springer: BUSC, BUVI; Wiley: BUDC, BUSC; Kluwer: BUSC.



A continuación amosamos a evolución do investimento total de BUGalicia, resultado da suma do investido en recursos electrónicos dende 2002 ata 2006 (bases de datos, revistas e libros electrónicos).



*Ata o ano 2004 non se fixo contratación de revistas electrónicas. A estabilidade na evolución do investimento en recursos electrónicos débese á cancelación de bases de datos e ao desprazamento dese investimento para revistas electrónicas.

7. Estudos de BUGalicia

Para axudar á toma de decisións na xestión das diferentes actividades de BUGalicia, sexa en aspectos como a avaliación do uso dos recursos contratados, sexa para coñecer a adecuación dos mesmos aos intereses dos investigadores do SUG, sexa para avaliar as propostas económicas de adquisición de novos produtos ou de renovación dos xa contratados, ou sexa simplemente para poder negociar cos provedores dende unha postura máis sólida, consideramos necesario ter unha radiografía o máis aproximada posible á realidade do universo de intereses dos nosos usuarios.

Para iso realizamos unha serie de estudos, que incluímos nesta memoria. Neles analizamos, por un lado, a cantidade e a distribución por áreas de coñecemento dos recursos electrónicos actualmente contratados por BUGalicia postos en correlación co número de usuarios potenciais de cada unha das áreas e, por outro lado, realizamos estudos que inciden fundamentalmente na análise do uso que se fai dos recursos de información tanto dende o conxunto do Sistema Universitario Galego como dende cada unha das universidades, e que en última instancia, persequen coñecer o nivel de rendibilidade dos investimentos que se realizan a nivel consorcial.

Consideramos que a utilidade destes estudos irase incrementando a medida que vaiamos reunindo unha serie temporal de datos que nos permitan realizar tanto comparativas de uso como elaborar indicadores para extraer conclusións, á par que observar tendencias consolidadas.

De maneira moi sintética, avanzamos que destes estudos se desprende que hai un apreciable incremento con respecto aos anos anteriores no uso do conxunto dos recursos electrónicos contratados a través de BUGalicia, sexan bbdd ou sexan revistas e-, e unha moi importante ganancia no acceso á información contida nos paquetes de revistas e-contratados a partir do ano 2004, tanto se consideramos esta ganancia dende a perspectiva de BUGalicia, é dicir do conxunto do SUG, como se a contemplamos dende a perspectiva individual de cada institución universitaria.

Os estudos que incluímos nesta memoria son os seguintes:

- Estudo dos usuarios investigadores de BUGalicia versus recursos electrónicos
- Estudo de uso das bases de datos referenciais
- Estudo de uso das coleccións de revistas electrónicas por paquetes
- Estudo pormenorizado do uso dos paquetes de revistas electrónicas
- Distribución por áreas de coñecemento das revistas electrónicas de Bugalicia
- Distribución dos usuarios investigadores de BUGalicia por departamentos e áreas ANECA
- Anexos:
 - RPT de BUGalicia

CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA

- Evolución do proxecto Encompass
- Nova avaliación de metabuscadores e resolución do novo cordo
- Estudo de adaptación web aos estándares de accesibilidade

7.1. Estudo dos usuarios investigadores de BUGalicia versus recursos electrónicos


Datos dos usuarios investigadores de BUGalicia

O obxecto deste estudo é poñer en relación aos usuarios potenciais de BUGalicia co uso que estes fan dos recursos. Para elo agrupamos en áreas de coñecemento a todo o PDI e alumnos de 3º ciclo dos departamentos das tres universidades. Para esa agrupación utilizamos as cinco áreas ANECA:

- Ciencias Experimentais.
- Ciencias da Saúde.
- Ensinanzas Técnicas.
- Ciencias Sociais e Xurídicas.
- Humanidades.


1.- Distribución dos usuarios investigadores de Bugalicia dentro do Sistema Universitario Galego (SUG):

| Alumnos 3º Ciclo e PDI do SUG | |
|--------------------------------------|--------------|
| UDC | 2210 |
| USC | 6099 |
| UVI | 3205 |
| Total | 11514 |



2.- Distribución dos usuarios investigadores de BUGalicia por Áreas Aneca.

| Áreas de Coñecemento Aneca | Nº de Usuarios do SUG |
|------------------------------|-----------------------|
| Ciencias Experimentais | 2062 |
| Ensinanzas Técnicas | 2333 |
| Ciencias Sociais e Xurídicas | 3270 |
| Humanidades | 1997 |
| Ciencias da Saúde | 1839 |
| Outros | 13 |
| Total | 11.514 |




Os usuarios de Ciencias Sociais e Xurídicas conforman unha parte moi importante no Sistema Universitario Galego cun 28,40% de porcentaxe sobre o total. Séguelle en importancia a área de Ensinanzas técnicas cun 20,26%. As tres áreas restantes permanecen nuha posición moi equilibrada. (Hai 13 investigadores que non podemos adscribir a ningunha área determinada)

3.- Distribución dos usuarios investigadores de BUGalicia por cada universidade

3.1 Universidade da Coruña.


| Áreas de Coñecemento Aneca | Nº de Usuarios da UDC |
|------------------------------|-----------------------|
| Ciencias Experimentais | 281 |
| Ensinanzas Técnicas | 812 |
| Ciencias Sociais e Xurídicas | 504 |
| Humanidades | 300 |
| Ciencias da Saúde | 304 |
| Outros | 9 |



Na UDC destaca a elevada porcentaxe de usuarios de Ensinanzas Técnicas e a baixa representación de usuarios de Ciencias Experimentais, Ciencias da Saúde e Humanidades nunha porcentaxe case paritaria entre as tres áreas.

3.2 Universidade de Santiago de Compostela.


| Áreas de Coñecemento Aneca | Nº de Usuarios da USC |
|-------------------------------------|-----------------------|
| Ciencias Experimentais | 1.086 |
| Ensinanzas Técnicas | 662 |
| Ciencias Sociais e Xurídicas | 1.741 |
| Humanidades | 1.240 |
| Ciencias da Saúde | 1.366 |
| Outros | 4 |



Na USC destaca a baixa presenza das Ensinanzas Técnicas, e unha preponderancia das Ciencias Sociais e Xurídicas, mentres que as tres áreas restantes tenden a un certo equilibrio.

3.3 Universidade de Vigo.

| Áreas de Coñecemento Aneca | Nº de Usuarios da UVI |
|------------------------------|-----------------------|
| Ciencias Experimentais | 695 |
| Ensinanzas Técnicas | 859 |
| Ciencias Sociais e Xurídicas | 1.025 |
| Humanidades | 457 |
| Ciencias da Saúde | 169 |



Na UVI, a maior porcentaxe de usuarios investigadores pertence ás áreas de Ciencias Sociais e Xurídicas e ás Ensinanzas Técnicas, cunha moi baixa representación de usuarios de Ciencias da Saúde.

Datos dos recursos electrónicos de BUGalicia

Para poder relacionar os usuarios potenciais cos recursos ofertados por BUGalicia en cada área de coñecemento, procede realizar unha clasificación dos mesmos. Para iso, usaremos a mesma clasificación anterior.

1.- Distribución das bases de datos*

Procedemos a agrupar as bases de datos nas cinco áreas Aneca e, debido ás características dalgunhas delas, engadimos unha área Multidisciplinar para designar a aquelas que inclúen información de tódalas áreas.

* Inclúense neste estudo tódalas bases de datos subscritas por BUGalicia, as ofertadas gratuitamente polos provedores e as subvencionadas pola FECYT. Algunhas bases de datos son asignadas a máis dunha área por ofrecer información de interese para dúas ou tres áreas de coñecemento, e once delas son asignadas á unha área multidisciplinar por ser de interese para tódolos usuarios.

| Áreas de Coñecemento | Nº de Bases de Datos |
|------------------------------|----------------------|
| Ciencias Experimentais | 9 |
| Ensinanzas Técnicas | 3 |
| Ciencias Sociais e Xurídicas | 11 |
| Humanidades | 7 |
| Ciencias da Saúde | 4 |
| Multidisciplinar | 11 |

As bases de datos distribúense da seguinte maneira:

Ciencias Experimentais: Agris, Asfa, Biological Abstract, Ipa, Inspec, Mathscinet, Pascal, Scifinder Scholar- Chemical Abstracts, Isi Derwent.


Ensinanzas Técnicas: Inspec, Compendex, Isi Derwent.

Ciencias Sociais e Xurídicas: Bsp, Econlit, Eric, Francis, Pci, Psyclnfo, National Criminal, lustel, Tirant, Westlaw, Sabi.

Humanidades: Francis, Lion, Llba, Mla, Pci, Philosopher, Acta Santorum.

Ciencias da Saúde: Cinahl, Ipa, Medline, Pascal.

Multidisciplinar: Dissertations & Theses, Sigle, Ulrich's, CSIC, Bibliografía Nacional Española, Suscrinorma, ISI Current Contents, ISI Journal Citation Reports, ISI Proceedings, ISI Web of Science, ISI Essential Science Indicators.




Desta clasificación despréndese que o maior número de bases de datos pertence á área de Ciencias Sociais e Xurídicas, sendo esta tamén a área que conta cun maior número de usuarios; pola contra son as Ensinanzas Técnicas as que contan cun menor número de bases de datos.

2.- Distribución das revistas electrónicas.

Os paquetes de revistas que analizamos son os dos editores: ACS, Blackwell, Elsevier, Springer, Kluwer, Wiley, JSTOR e IEEE, incluíndo tamén as revistas Nature, Science. Algunhas revistas son asignadas a máis dunha área por ofrecer información de interese para diferentes eidos do saber, (isto supón un importante número de duplicados entre algunhas áreas) e só tres revistas son asignadas a unha área multidisciplinar por ser de interese para tódolos usuarios.

| Áreas de Coñecemento | Nº de Títulos de Revistas |
|------------------------------|---------------------------|
| Ciencias Experimentais | 1645 |
| Ensinanzas Técnicas | 997 |
| Ciencias Sociais e Xurídicas | 947 |
| Humanidades | 385 |
| Ciencias da Saúde | 1096 |
| Multidisciplinar | 3 |



Desta clasificación despréndese que as áreas mellor representadas son as de Ciencias Experimentais, Ciencias da Saúde e as Ensinanzas Técnicas, o que se correlaciona co número e importancia das revistas científicas a nivel mundial e tamén co seu maior uso por parte da comunidade científica, como se ve noutros apartados desta memoria.

7.2. Datos de uso das bases de datos referenciais

O total de consultas realizadas ás bases de datos contratadas por BUGalicia no ano 2006 foi de 899.025*, mentres que no ano 2005 foi de 831.224, representando un aumento de máis de 60.000 consultas (un 8.16%), debido en parte ó incremento no número de bases de datos dispoñibles en 2006.

Por outra banda, as consultas realizadas sobre as bases da WoK financiadas pola FECYT (ISI Current Contents, ISI Derwent Innovations Index, ISI Essential Science Indicators, ISI Journal Citation Reports, ISI Proceedings, ISI Web of Science), ascenderon a 219.107 consultas, mentres que no ano 2005 fixéranse 178.229, isto supón un incremento do 23 %).


Mención aparte merece a base de datos Scopus que estivo de proba durante todo o ano 2006 e sobre a que se realizaron un total de 60.097 consultas.

O uso total feito polos usuarios do SUG das bases de datos distribúese da seguinte maneira:


| | BUDC | BUSC | BUVI | TOTAL |
|--------------------------------------|---------|---------|---------|-----------|
| CONSULTAS ÁS BBDD CONTRATADAS | 184.998 | 455.412 | 261.357 | 901.767 |
| CONSULTAS ÁS BBDD DO ISI | 41.477 | 123.163 | 54.467 | 219.107 |
| CONSULTAS A SCOPUS | 2.742 | 22.213 | 35.142 | 60.097 |
| TOTAL | | | | 1.180.971 |


* Esta cifra provén da suma de consultas e sesións. Co fin de poder establecer un único valor, as sesións convertéronse en consultas coa aplicación do indicador medio de consultas por sesión, extraído do estudo das bases de datos de BUGalicia que proporcionan consultas e sesións, establecendo este baremo nunha **media de 3 consultas por sesión**, a **excepción de Westlaw**, á que se lle aplica unha media propia (**2,145 consultas por sesión**) debido a que podemos extraer a súa propia media real.

Datos de consultas totais 2006 das bases de datos BUGalicia:



Total de consultas ás bases de datos por universidade:






Inclúense nesta gráfica tódalas bases de datos contratadas por BUGalicia en cada un dos tres anos e as financiadas pola FECYT.

Non se inclúen os datos estatísticos de consultas realizadas nos anos 2002 e 2003 por non ser fiables.

COMPARATIVA ÁS BBDD CONTRATADAS 2005-2006




| | | | | | | | | | |
|---|---------------|----|------------|----|-------------------|----|-----------|----|-------------|
| 1 | Agris | 8 | Francis | 15 | Medline | 22 | SciFinder | 29 | BNE |
| 2 | Asfa | 9 | IPA | 16 | MLA | 23 | Sigle | 30 | Iustel |
| 3 | Biological A. | 10 | Inspec | 17 | Pascal | 24 | Ulrichs | 31 | Suscrinorma |
| 4 | BSP | 11 | Compendex | 18 | PCI | 25 | Tirant | | |
| 5 | Cinahl | 12 | Lion | 19 | Philosopher's | 26 | Westlaw | | |
| 6 | EconLit | 13 | Llba | 20 | Dissertations & T | 27 | Sabi | | |
| 7 | Eric | 14 | MathSciNet | 21 | PsycInfo | 28 | Csic | | |


Observacións:

- Algúns dos descensos de uso a considerar: Agris, Asfa, PsycInfo, Ulrichs e Iustel.
- Subas porcentuais de uso a destacar: Biological Abstracts e Scifinder-Scholar: Chemical Abstracts (que ademais de elevar o seu uso, continúa a ser a base de datos máis consultada)). Séguese Westlaw que destaca tamén de maneira importante polo seu elevado uso.
- Nos casos de Inspec e Compendex as consultas son o resultado da suma das consultas individuais e o total de sumas combinadas que se fan dende a plataforma Engineering Village, onde se produce por defecto a busca en ámbalas dúas bases de datos ao mesmo tempo, sen posibilidade de desagregación.

Consultas realizadas ás bases de datos contratadas por BUGalicia (quedan excluídas as bases de datos do ISI e a base de datos de compra Acta Santorum).





Relación porcentual de consultas e número de usuarios por universidade




Como se pode ver hai bastante correlación entre a porcentaxes de consultas e a porcentaxe de usuarios potenciais.

Media de consultas ás bases de datos contratadas e á totalidade das bases de datos usadas en BUGalicia




Consultas das bases de datos por cada biblioteca universitaria




| | | | | | | | | | |
|---|---------------|----|------------|----|-----------------|----|-----------|----|--------------|
| 1 | Agris | 8 | Francis | 15 | Medline | 22 | SciFinder | 29 | BNE |
| 2 | Asfa | 9 | IPA | 16 | MLA | 23 | Sigle | 30 | Iustel |
| 3 | Biological A. | 10 | Inspec | 17 | Pascal | 24 | Ulrichs | 31 | Suscrinorma |
| 4 | BSP | 11 | Compendex | 18 | PCI | 25 | Tirant | 32 | Lexis-Nexis |
| 5 | Cinahl | 12 | Lion | 19 | Philosopher's | 26 | Westlaw | 33 | Sport-Discus |
| 6 | EconLit | 13 | Uba | 20 | Dissertations & | 27 | Sabi | 34 | Scopus |
| 7 | Eric | 14 | MathSciNet | 21 | PsycInfo | 28 | Csic | | |

Custo das bases de dados contratadas por BUGalicia



Custo por consulta por usuario investigador das bases de datos contratadas por BUGalicia



Notas:

- Lexis-Nexis ten durante o ano 2006 un elevado custo por consulta, debido quizais a que foi este ano 2006 a súa incorporación como base de datos contratada.
- PCI, é a denominación que utilizamos para as que agora son dúas bases de datos: PIO e PAO. A segunda inclúe tamén acceso a texto completo de 536 revistas, que tiveron 2.377 descargas de artigos, polo cal é para dar un resultado máis real, na gráfica de custo por consulta atópanse sumados os datos de consultas (5.225) e os de descargas de texto completo.
- Business Source Premier, ó igual que PCI, trátase dunha base de datos que inclúe acceso ó texto completo de 9.874 revistas. Para calcular o custo sumáronse consultas e as descargas de artigos (25.559 consultas e 8.931 descargas respectivamente).
- Non aparecen na gráfica por non ter custo, as bases de datos do ISI (financiadas pola Fecyt), Acta Santorum (base de datos de compra) e Medline.
- Aínda que houbo acceso durante todo o 2006 á base de datos Scopus, este acceso foi en proba, gratuíto, por iso tampouco aparece na análise.
- As bases de datos Pre-Cinahl e Regional Business News, atópanse sumadas en canto a número de consultas con Cinahl e BSP respectivamente ó comprarse nun paquete conxunto, ser complementarias e non posuír un prezo diferenciado.

Algunhas conclusións:



- Scifinder é a base de datos máis cara en canto a custo, pero cunha relación prezo-consulta realmente boa, sobre todo tendo en conta que ten un índice de rexeites de intentos de consulta do 11%, 45% e 17% na Budc, Busc e Buvi. Isto é debido ao límite de uso de licenzas simultáneas: 3,7,5: Budc,busc,buvi. Para o 2007 esta base aumentará unha licenza de acceso por universidade, sen incremento de custo, quedando en 4, 8 e 6 respectivamente, non sendo posible unha redistribución entre elas.
- O baixo custo que alcanzan as consultas das bases do CSIC, compostas por varias bases de datos que cubren tódalas áreas de coñecemento.
- **O prezo medio por consulta** ás bases de datos contratadas por BUG resulta de: **2.66 €**. En conxunto cremos que non se pode considerar barato. E algunhas delas amosan unha baixa rendibilidade de uso, obrígándonos a reflexionar sobre as causas do mesmo.

Investimento orzamentario e distribución das bases de datos por áreas ANECA

Consideramos interesante establecer unha relación entre o investido en bases de datos por área de coñecemento e o uso que dende estas áreas de coñecemento se está a facer das mesmas; é igualmente facemos unha distribución do orzamento adicado ás bases de datos por cada unha destas áreas.

Para poder realizar esta distribución, e debido a que 11 bases de datos inclúen información de varias áreas ANECA, optouse ó igual que os anos anteriores por duplicar o número das mesmas tanto na distribución orzamentaria como na asignación das consultas por área de coñecemento, polo que os resultados porcentuais do custo e uso, son os reais senón que os hai que tomar como meramente orientativos.

| Ciencias Experimentais | Ciencias Sociais e Xurídicas | Ciencias da Saúde |
|--|------------------------------|------------------------|
| Agris | Bsp | Cinahl |
| Asta | Econlit | Ipa |
| Biological Abstract | Eric | Medline |
| Ipa | Francis | Pascal |
| Inspec | Pci | Sport-Discus |
| Mathscinet | PsychInfo | Pre-Cinahl |
| Pascal | Iustel | Suscrinorma |
| SciFinder Scholar - Chemical Abstracts | Tirant | BNE |
| Suscrinorma | Westlaw | CSIC |
| BNE | Sabi | Ulrich's |
| CSIC | Lexis-Nexis | Dissertations & Theses |
| Ulrich's | Regional Business News | Sigle |
| Dissertations & Theses | Suscrinorma | Humanidades |
| Sigle | BNE | Francis |
| Ensinanzas Técnicas | Ulrich's | Lion |
| Inspec | Dissertations & Theses | Uba |
| Compendex | Sigle | Ma |
| Suscrinorma | | Pci |
| BNE | | Philosopher |
| CSIC | | Suscrinorma |
| Ulrich's | | BNE |
| Dissertations & Theses | | CSIC |
| Sigle | | Ulrich's |
| | | Dissertations & Theses |
| | | Sigle |



Nas dúas gráficas anteriores obsérvase que, a área de Ciencias Sociais e Xurídicas é a máis significativa, xunto coa de Ciencias Experimentais, en canto a investimento orzamentario, pero tamén son as dúas que maior número de consultas reciben.


As áreas de Ciencias da Saúde e de Ensinanzas Técnicas son, en ámbolos dous casos, orzamentario e de consultas, as que menor porcentaxe consumen.

7.3. Estudo de uso das coleccións de revistas electrónicas por paquetes

Durante o ano 2006 efectuáronse un total de 591.787 descargas, das que 577.878 pertencen aos paquetes de revistas electrónicas contratados por BUGalicia, mentres que as descargas de texto completo de revistas nas bases de datos foi tan só de 13.909.

Hai que ter en conta á hora de valorar os datos estatísticos, que se inclúen nos datos de descargas dos informes Counter de Blackwell, Elsevier e Wiley os casos que seguen:

- Títulos anteriores de títulos en curso (cambios de títulos)
- Títulos contratados por departamentos, proxectos ou investigadores individuais
- Títulos gratuítos ou open-access




Conclusións:

→ Debido á fusión de Springer e Kluwer os datos no 2006, a diferenza de anos anteriores, preséntanse xuntos formando unha única colección.

→ Como en anos anteriores o uso da colección de Elsevier é a máis destacable, sobrepasa en máis do triple á segunda en número de descargas (ACS) se ben ambas coleccións non son comparables nin en número de títulos nin en cobertura temática ou temporal.


→ ACS sendo un paquete pequeno que conta con un total de 42 títulos ten un uso moi importante.



→Non podemos dar datos das descargas dos títulos das bases de datos Cinahl (69 títulos) e Iustel (8 títulos), debido a que os editores só proporcionan datos de consultas.

→As descargas a texto completo de Regional Business News están incluídas dentro das de BSP.

→Hai que destacar que por primeira vez en 2006 temos datos de descargas a texto completo da base de datos Lion.




Observacións:

→ Os paquetes de ACS e Blackwell foron contratados por primeira vez no ano 2005. Amonan un moderado incremento.



→ Medra o uso de tódalas coleccións, excepto IEEE que se mantén aproximadamente no mesmo uso que en 2004. Hai que ter en conta que no número de descargas deste paquete contabilízanse ademais dos journals, os estándares e actas de congresos para poder comparar co uso dos anos anteriores, dado que ata este ano 2006 non tiñamos desagregados os datos dos diferentes materiais.



→ Hai que ter en conta á hora de valorar o uso da colección Springer/Kluwer que, durante 2004, aínda como coleccións independentes, por erro no sistema de acceso da editorial tívose acceso a toda a colección de Kluwer. Das revistas de Kluwer, Blackwell e Wiley (UVI) segue a recibirse a versión impresa.




→ A base de datos Lion non pode ser comparada xa que ata este ano 2006 non obtivemos os informes estatísticos das descargas dos títulos incluídos nesta base de datos.


Descargas de artigos de revistas por universidades:







Custo por Descarga dos paquetes de revistas e- por usuario investigador do SUG



Algunhas conclusións:

- Springer/kluwer segue a ser con diferenza o paquete máis caro, debido fundamentalmente ó seu baixo uso.
- O prezo por consulta de ACS, resulta ser o máis rendible, ó igual que no 2005, pero incluso descendendo de prezo (de 0,95 € por consulta en 2005 ós 0,27 de 2006). Características deste editor: un pequeno paquete de 42 títulos, temático, non multidisciplinar, e con acceso completo ós seus fondos retrospectivos (ACS Journal Archives).
- Polas características de IEEE o prezo por descarga inclúe ademais das descargas de artigos de revistas (18.273) as descargas de documentos de normas e proceedings (15.507).
- En gráficas anteriores observamos que Elsevier era con diferenza en números absolutos o paquete máis consultado, sen embargo o gráfico do prezo por descarga reflicte que non por eso é o máis rendible, debido ó seu alto custo. Características deste paquete: colección multidisciplinar, con 1.762 títulos
- Consideramos relevante sinalar que aínda que o paquete de JSTOR non foi moi utilizado o seu prezo por descarga é o segundo máis baixo, debido ao seu baixo custo neste ano. Características desta colección: aínda que contén títulos dixitalizados de tódalas disciplinas científicas, a enorme maioría deles corresponden ás áreas de humanidades e ciencias sociais; colección que vai incrementando a súa cobertura temporal e de títulos pero que se caracteriza por non ter incluídos os último números das revistas en curso.
- Paquetes con unha aceptable ou boa rendibilidade: ACS, JSTOR, Nature e Science. Os demais están resultando caros

7.4. Estudo pormenorizado do uso dos paquetes de revistas electrónicas

7.4.1. Consideracións previas

1. Entendemos por “**Colección Consorciada 2006**” ou “**Colección 2006**” os títulos contratados por BUGalicia para o conxunto das tres universidades.
2. Entendemos por **Colección Inicial Impresa** os títulos subscritos por cada unha das bibliotecas universitarias previamente á contratación consorciada da colección electrónica.

3. Táboa “**Estudo do 100% da Colección Consorciada (C.C) 2006 e da Colección Inicial Impresa (C.I.I.)**”

| Editor | Univ | Num Tít | Usados | % | Sen uso | % | Num Tít | Usados | % | Sen | % | % usados | % usados |
|--------|------|---------|--------|---|---------|---|---------|--------|---|--------|---|----------|-----------|
| | | C.C. | | | | | C.I.I. | C.I.I. | | uso | | 2006 na | 2006 non |
| | | 2006 | | | | | C.I.I. | C.I.I. | | C.I.I. | | C.I.I. | na C.I.I. |

- *Editor*: Nome do editor da plataforma de revistas
- *Univ*: Budc, Busc, Buvi ou BUGalicia (Budc + Busc + Buvi)
- *Num Tít C.C. 2006*: Número de títulos contratados por BUGalicia
- *Usados*: Número de títulos que tiveron polo menos unha descarga. A continuación a porcentaxe correspondente
- *Sen uso*: Número de títulos que non tiveron ningunha descarga. A continuación a porcentaxe correspondente
- *Num Tít C.I.I.*: Número de títulos da Colección Inicial Impresa das tres universidades
- *Usados C.I.I.*: Número de títulos da C.I.I. que tiveron polo menos unha descarga. A continuación a porcentaxe correspondente
- *Sen uso C.I.I.*: Número de títulos da C.I.I. que non tiveron ningunha descarga. A continuación a porcentaxe correspondente
- *% usados 2006 na C.I.I.*: Porcentaxe de títulos usados en 2006 que pertencían á Colección Inicial Impresa
- *% usados 2006 non na C.I.I.*: Porcentaxe de títulos usados en 2006 que non pertencían á C.I.I.

4. Táboa “**Estudo do 80% da Colección Consorciada 2006 con respecto á Colección Inicial Impresa (C.I.I.)**”

| Editor | Univ | Num Tít | Total | Num Tít no | % dos tít no | Valor do | Num Tít | Num Tít | Num Tít do |
|--------|------|---------|-----------|------------|--------------|----------|-----------|---------|------------|
| | | C.C. | Descargas | 80% das | 80% das | 80% das | da C.I.I. | do 80% | 80% non na |

CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA

| | | | | | | | | | |
|--|--|------|-------------|-----------|-----------|-----------|--|----------|-------|
| | | 2006 | por Paquete | descargas | descargas | descargas | | na C.I.I | C.I.I |
|--|--|------|-------------|-----------|-----------|-----------|--|----------|-------|

- *Editor*: Nome do editor da plataforma de revistas
- *Univ*: Budc, Busc, Buvi ou BUGalicia (Budc + Busc + Buvi)
- *Num Tít C.C. 2006*: Número de títulos contratados por Bugalicia
- *Total Descargas por Paquete*: Número total de descargas dos títulos contratados por BUGalicia
- *Num Tít do 80% das descargas*: Número de títulos que supoñen o 80% das descargas.
- *% dos tít no 80% das descargas*: Porcentaxe de títulos da colección que aportan o 80% das descargas.
- *Valor do 80% das descargas*: Número de descargas dos títulos incluídos no 80% das descargas
- *Num Tít da C.I.I.*: Número de títulos da colección inicial
- *Num Tít do 80% na C.I.I.*: Número de títulos no 80% que son da Colección Inicial Impresa
- *Num Tít do 80% non na C.I.I.*: Número de títulos no 80% que non son da Colección Inicial Impresa

5. Táboa “Rangos de uso da Colección Consorciada 2006”

| Editor | Univ | Num Tít C.C. 2006 | Total Descargas por Paquete | Sen uso | % | Nº Tít Uso Baixo (1-10) | % | Nº Tít Uso Medio (11-50) | % | Nº Tít Uso Alto (51 ->) | % |
|--------|------|-------------------|-----------------------------|---------|---|-------------------------|---|--------------------------|---|-------------------------|---|
|--------|------|-------------------|-----------------------------|---------|---|-------------------------|---|--------------------------|---|-------------------------|---|

- *Editor*: Nome do editor da plataforma de revistas
- *Univ*: Budc, Busc, Buvi ou BUGalicia (Budc + Busc + Buvi)
- *Num Tít C.C. 2006*: Número de títulos contratados por Bugalicia
- *Total Descargas por Paquete*: Número total de descargas dos títulos contratados por Bugalicia
- *Sen uso*: Número de títulos que non tiveron ningunha descarga. A continuación a porcentaxe correspondente
- *Nº Tít Uso Baixo (1-10)*: Número de títulos que tiveron entre 1 e 10 descargas (ambas incluídas). A continuación a porcentaxe correspondente
- *Nº Tít Uso Medio (11-50)*: Número de títulos que tiveron entre 11 e 50 descargas (ambas incluídas). A continuación a porcentaxe correspondente
- *Nº Tít Uso Alto (51 ->)*: Número de títulos con máis de 50 descargas. A continuación a porcentaxe correspondente

6. Táboa “Rangos de uso da C.I.I.”

| Editor | Univ | Num Tits C.I.I. | Total Descargas por Paquete | Sen uso C.I.I. | % | Nº Tits Uso Baixo (1-10) | % | Nº Tits Uso Medio (11-50) | % | Nº Tits Uso Alto (51 ->) | % |
|--------|------|-----------------|-----------------------------|----------------|---|--------------------------|---|---------------------------|---|--------------------------|---|
|--------|------|-----------------|-----------------------------|----------------|---|--------------------------|---|---------------------------|---|--------------------------|---|

O mesmo que a táboa anterior pero unicamente cos datos da Colección Inicial Impresa.

7. Táboa “Títulos con estadísticas de uso non incluídos na colección subscrita por Bugalicia 2006”

| Editor | Univ | Num Tits Non Contratados BUGalicia | Usados | Total Descargas |
|--------|------|------------------------------------|--------|-----------------|
|--------|------|------------------------------------|--------|-----------------|

- *Editor*: Nome do editor
- *Univ*: Budc, Busc, Buvi ou BUGalicia (Budc + Busc + Buvi)
- *Num Tits Non Contratados BUGalicia*: Número de títulos incluídos nas estatísticas pero que non pertencen a colección subscrita por Bugalicia. Estes títulos poden ser:
 - Cambios de títulos ou arquivos retrospectivos (backfiles)
 - Títulos adquiridos por departamentos ou investigadores individuais
- *Usados*: Número de títulos que tiveron polo menos unha descarga
- *Total Descargas*: Número total de descargas deses títulos

8. **Notas xerais**

- Nas estatísticas Counter de ACS está incluído “ACS Journal Archive” que é un compendio dos títulos anteriores (retrospectivos ou cambios de título) pero non se pode engadir ao estudo de uso do contratado por non estar desagregados por títulos. Debido a isto o número de títulos que aparecen neste estudo para ACS é inferior ao número real de títulos de ACS para o 2006 (42 títulos).
- En canto a Blackwell, Kluwer e Wiley (Buvi) debe terse en conta que se segue a recibir a versión impresa.
- No caso de Kluwer a colección de 2006 está composta unicamente polos títulos da C.I.I. subscritos polas tres BU antes de contratar o acceso electrónico por BUGalicia.

9. Nature e Science estúdanse por separado por tratarse de títulos individuais.


7.4.2. Estudo do uso conxunto de BUGalicia


1. Estudo do 100% da Colección Consorciada (C.C.) 2006 con respecto á Colección Inicial Impresa (C.I.I.)

| Editor | Univ | Num Tít C.C. 2006 | Usados | % | Sen uso | % | Num Tít C.I.I. | Usados C.I.I. | % | Sen uso C.I.I. | % | % usados 2006 na C.I.I. | % usados 2006 non na C.I.I. |
|--------------------|-----------|-------------------|--------|---------|---------|--------|----------------|---------------|---------|----------------|-------|-------------------------|-----------------------------|
| Acs * | BUGalicia | 35 | 35 | 100,00% | 0 | 0,00% | 24 | 24 | 100,00% | 0 | 0,00% | 68,57% | 31,43% |
| Blackwell | BUGalicia | 764 | 732 | 95,81% | 32 | 4,19% | 214 | 214 | 100,00% | 0 | 0,00% | 29,23% | 70,77% |
| Elsevier | BUGalicia | 1.766 | 1.645 | 93,15% | 121 | 6,85% | 516 | 515 | 99,81% | 1 | 0,19% | 31,31% | 68,69% |
| Kluwer | BUGalicia | 153 | 143 | 93,46% | 10 | 6,54% | 153 | 143 | 93,46% | 10 | 6,54% | 100,00% | 0,00% |
| Springer | BUGalicia | 528 | 432 | 81,82% | 96 | 18,18% | 113 | 110 | 97,35% | 3 | 2,65% | 25,46% | 74,54% |
| Wiley | BUGalicia | 480 | 440 | 91,67% | 40 | 8,33% | 108 | 108 | 100,00% | 0 | 0,00% | 24,55% | 75,45% |
| Springer/Kluwer ** | BUGalicia | 681 | 575 | 84,43% | 106 | 15,57% | 266 | 253 | 95,11% | 13 | 4,89% | 44,00% | 56,00% |

* O número de descargas de ACS tería que incrementarse en 16.164 (cifra porcentualmente moi importante) debido ás descargas de "ACS Journal Archives" que é un compendio dos títulos anteriores (retrospectivos ou cambios de título), pero que non o podemos facer por non estar os datos desagregados por títulos. Reflicte unha característica propia desta plataforma que non ten ningún dos outros paquetes contratados, que é o acceso a todo o fondo da colección.


** Presentamos tamén a unión dos datos de uso de Springer e Kluwer debido a que para o ano 2007 non se poderán desglosar e para facilitar así a comparativa para cos datos deste ano.






Observando as dúas gráficas anteriores comprobamos o elevado nivel de uso do conxunto dos títulos dos seis paquetes analizados, destacando ACS, co 100% de uso, e Blackwell e Elsevier cunha reducida porcentaxe de títulos sen ningún uso. O paquete con maior porcentaxe de títulos sen uso correspóndelle a Springer.

Se aplicamos o mesmo estudo á C.I.I. observamos que, a excepción do paquete da ACS, Blackwell e Wiley, segue existindo unha pequena porcentaxe de títulos sen ningún uso.



Ganancia consorcial

A ganancia consorcial está composta por aqueles títulos utilizados polos usuarios que conforman a diferenza entre os títulos usados pertencentes á C.I.I. e o total dos títulos usados da C.C. 2006




Conclusións:

- As grandes plataformas (Blackwell, Elsevier, Springer e Wiley) teñen unha porcentaxe de ganancia moi semellante, superior ao 65% dos títulos usados.
- ACS presenta unha porcentaxe de ganancia inferior (31%) explicable por ter un número de títulos en curso (35) moito menor que o resto das plataformas e por ter

subscrito as BUs na C.I.I. unha porcentaxe en títulos porcentualmente moi superior ao subscrito nas grandes plataformas.

- A única plataforma que, a nivel do uso conxunto de BUGalicia, non aporta ningunha ganancia é Kluwer, debido a que só se ten contratado o acceso ós títulos da Colección Inicial Impresa. Haberá que comprobar que ganancia se produce no ano 2007 para o que se contratou o acceso á colección completa.

Comparativa da Ganancia Consorcial 2005 vs 2006




No uso deste ano 2006 obsérvase un incremento da ganancia consorcial en tódolos paquetes. En tres deles (ACS, Balckwell e Wiley) chega aos catro puntos sobre a ganancia obtida no ano 2005.

2. Estudo do 80% da Colección Consorciada (C.C.) 2006 con respecto á Colección Inicial Impresa (C.I.I.)


Seguindo a coñecida lei de Pareto que di que o 80% das necesidades dos investigadores son satisfeitas polo 20% da colección dunha biblioteca normalmente dotada de recursos, queremos con este estudo primeiro comprobar se nestas coleccións de revistas se cumpre este principio ou se como amosan outros estudos que analizan o uso realizado noutros consorcios, conformados por un maior número de institucións usuarias, o Principio de Pareto achégase máis ao 70-30 que ao clásico 80-20; e en segundo lugar, coñecer cal foi o conxunto de publicacións que proporcionaron o 80% das descargas de artigos a texto completo de cada un destes seis paquetes de revistas electrónicas (Ver relación de títulos no Apartado 7.5.4 Listados dos títulos que aportan o 80% das descargas).

| Editor | Univ | Num Tít C.C. 2006 | Total Descargas por Paquete | Num Tít no 80% das descargas | % dos tít no 80% das descargas | Valor do 80% das descargas | Num Tít da C.I.I. | Num Tít do 80% na C.I.I. | Num Tít do 80% non na C.I.I. |
|-----------|-----------|----------------------|--------------------------------|------------------------------------|--------------------------------------|----------------------------------|----------------------|--------------------------------|---------------------------------------|
| Acs * | BUGalicia | 35 | 73.738 | 13 | 37,14% | 58.990 | 24 | 13 | 0 |
| Blackwell | BUGalicia | 764 | 43.988 | 196 | 25,65% | 35.190 | 214 | 76 | 120 |
| Elsevier | BUGalicia | 1.766 | 298.314 | 412 | 23,33% | 238.651 | 516 | 220 | 192 |
| Kluwer | BUGalicia | 153 | 8.824 | 36 | 23,53% | 7.059 | 153 | 36 | 0 |
| Springer | BUGalicia | 528 | 19.913 | 109 | 20,64% | 15.930 | 113 | 55 | 54 |
| Wiley | BUGalicia | 480 | 46.440 | 92 | 19,17% | 37.152 | 108 | 45 | 47 |

* O número de descargas de ACS tería que incrementarse en 16.164 (cifra porcentualmente moi importante) debido ás descargas de "ACS Journal Archives" que é un compendio dos títulos anteriores (retrospectivos ou cambios de título), pero que non o podemos facer por non estar os datos desagregados por títulos. Reflicte unha característica propia desta plataforma que non ten ningún dos outros paquetes contratados, que é o acceso a todo o fondo da colección.




Ganancia consorcial no 80% da colección




Conclusións:

- A ganancia consorcial da que poderíamos considerar colección básica ou nuclear está composta pola diferenza entre o total de títulos que aportan o 80% das descargas e o número de títulos incluídos da C.I.I.
- En conxunto a ganancia consorcial é moi notable, como se aprecia na seguinte gráfica.
- A plataforma que aporta maior porcentaxe de ganancia é Blackwell (61,22%), seguida de Wiley (51,09%), Springer (49,54%) e Elsevier (46,60%).
- Acs non aporta ningunha ganancia debido a que a colección só inclúe 11 títulos máis dos xa contratados inicialmente, os cales non están no 80% da colección.
- Kluwer non supón ningunha ganancia debido a que só se ten contratado o acceso á Colección Inicial Impresa.



Nesta gráfica pode verse como un 48% dos títulos que aportan o 80% das descargas dos paquetes analizados non pertencían á C.I.I. de ningunha das bibliotecas universitarias, é dicir, son aportados polo modelo de contratación consorciada dos “Big Deal” .

Principio de Pareto



Nesta gráfica vemos como, no conxunto dos títulos que aportan os seis paquetes analizados, no uso feito en BUGalicia o principio de Pareto só se desvía en tres puntos da súa regra de 80-20.

3. Rangos de uso da Colección Consorciada (C.C.) 2006

Para coñecer o comportamento global de cada paquete así como o nivel de uso dos diferentes títulos de cada un deles establecemos catro niveis de uso: un nivel de non uso (zero descargas), un nivel de uso baixo (de 1 a 10 descargas), un nivel de uso medio (11 a 50 descargas) e un nivel de uso alto (con máis de 51 descargas), cos cales poder establecer o nivel de rendibilidade da colección de cada paquete.


CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA

| Editor | Univ | Num Tít C.C. 2006 | Total Descargas por Paquete | Sen uso | % | Nº Tít Uso Baixo (1-10) | % | Nº Tít Uso Medio (11-50) | % | Nº Tít Uso Alto (51 - >) | % |
|--------------------|-----------|-------------------|-----------------------------|---------|--------|-------------------------|--------|--------------------------|--------|--------------------------|---------|
| Acs * | BUGalicia | 35 | 73.738 | 0 | 0,00% | 0 | 0,00% | 0 | 0,00% | 35 | 100,00% |
| Blackwell | BUGalicia | 764 | 43.988 | 32 | 4,19% | 256 | 33,51% | 267 | 34,95% | 209 | 27,36% |
| Elsevier | BUGalicia | 1.766 | 298.314 | 121 | 6,85% | 337 | 19,08% | 427 | 24,18% | 881 | 49,89% |
| Kluwer | BUGalicia | 153 | 8.824 | 10 | 6,54% | 48 | 31,37% | 55 | 35,95% | 40 | 26,14% |
| Springer | BUGalicia | 528 | 19.913 | 96 | 18,18% | 196 | 37,12% | 143 | 27,08% | 93 | 17,61% |
| Wiley | BUGalicia | 480 | 46.440 | 40 | 8,33% | 144 | 30,00% | 136 | 28,33% | 160 | 33,33% |
| Springer/Kluwer ** | BUGalicia | 681 | 28.737 | 106 | 15,57% | 244 | 35,83% | 198 | 29,07% | 133 | 19,53% |
| IEEE-Journal *** | BUGalicia | 238 | 18.273 | 19 | 7,98% | 62 | 26,05% | 69 | 28,99% | 88 | 36,97% |
| JSTOR *** | BUGalicia | 581 | 28.932 | 198 | 34,08% | 84 | 14,46% | 145 | 24,96% | 154 | 26,51% |


* O número de descargas de ACS tería que incrementarse en 16.164 (cifra porcentualmente moi importante) debido ás descargas de "ACS Journal Archives" que é un compendio dos títulos anteriores (retrospectivos ou cambios de título), pero que non o podemos facer por non estar os datos desagregados por títulos. Reflicte unha característica propia desta plataforma que non ten ningún dos outros paquetes contratados, que é o acceso a todo o fondo da colección.

** Presentamos tamén a unión dos datos de uso de Springer e Kluwer debido a que para o ano 2007 non se poderán desglosar e para facilitar así a comparativa para cos datos deste ano.


*** Este ano contamos cos datos estatísticos de uso por título para IEEE-Journal e para JSTOR.




De ACS destaca o uso elevado de tódolos títulos. É a colección de maior rendemento relativo de tódolos paquetes.




De Blackwell destaca a elevada porcentaxe de títulos de uso baixo e medio.




De Elsevier destaca a elevada porcentaxe de títulos de uso alto e medio. É a colección de maior rendemento absoluto.




De Kluwer destaca a elevada porcentaxe de títulos de medio e baixo uso, a baixa porcentaxe de títulos de uso alto e 10 títulos sen ningún uso. Presenta un moi baixo rendemento.




De Springer destaca a elevada porcentaxe de títulos de baixo (a maior de tódolos paquetes) e medio uso, sendo ademais a que presenta a maior porcentaxe de títulos sen uso (20%).



Unindo os datos de Kluwer e Springer podemos comprobar que os rangos de uso seguen unha distribución moi parecida á que teñen os títulos de Springer.




De Wiley destaca a porcentaxe de títulos de alto e medio uso que en conxunto supoñen máis do 61% da C.C. 2006. Polo tanto unha colección cun bo rendemento.




No total dos 3.726 títulos que compoñen estes seis paquetes observamos que a maior concentración de uso dáse nun nivel de uso alto, seguido moi de preto por un nivel medio. A unión destes dous niveis supón máis do 65% dos títulos, incrementando un punto a porcentaxe de uso sobre o feito no ano 2005. A porcentaxe de títulos non usados é inferior ao 10%, e diminúe un punto sobre a porcentaxe de 2005. En conxunto podemos considerar que os usuarios de BUGalicia están facendo un aproveitamento razoable do conxunto de revistas electrónicas ofertadas consorciadamente.

Este ano contamos por primeira vez cos datos estatísticos de uso por título para os paquetes de IEEE-Journal e JSTOR. Estes son os seus rangos de uso:



En IEEE destaca o elevado número de títulos cun uso medio e alto (preto do 66%).




En Jstor, pola contra destaca o elevado número de títulos sen uso (máis do 34% dos títulos).

Características diferenciadoras de ambas plataformas:

IEEE: paquete de revistas moi maioritariamente pertencentes ao ámbito das Ensinanzas Técnicas. 238 títulos actualizados con cobertura completa.

JSTOR: paquete de revistas moi maioritariamente pertencentes aos ámbitos das Ciencias Sociais e Xurídicas e as Humanidades. 581 títulos con períodos temporais de embargo non consultables tanto nos primeiros como nos últimos anos da publicación.



Evaluando conxuntamente os seis paquetes anteriores máis IEEE-Journal e JSTOR vemos que aumenta a porcentaxe de títulos cun uso nulo en tres puntos debido a elevada porcentaxe de títulos sen uso da colección de Jstor.


4. Rangos de uso da Colección Inicial Impresa (C.I.I.)

Seguindo a mesma metodoloxía do punto anterior quixemos comprobar se os títulos que compoñían a colección previa á contratación consorciada ofrecen unha maior rendibilidade, tal como cabe esperar dun grupo de títulos que foron inicialmente subscritos por iniciativa ou a suxestión dos propios investigadores.


| Editor | Univ | Num Tít C.I.I. | Total Descargas por Paquete | Sen uso C.I.I. | % | Nº Tít Uso Baixo (1- 10) | % | Nº Tít Uso Medio (11-50) | % | Nº Tít Uso Alto (51 ->) | % |
|-----------|-----------|-------------------|--------------------------------|-------------------|-------|-----------------------------------|--------|-----------------------------------|--------|-------------------------------|---------|
| Acs * | BUGalicia | 24 | 61.684 | 0 | 0,00% | 0 | 0,00% | 0 | 0,00% | 24 | 100,00% |
| Blackwell | BUGalicia | 214 | 13.872 | 15 | 7,01% | 68 | 31,78% | 66 | 30,84% | 65 | 30,37% |
| Elsevier | BUGalicia | 516 | 189.140 | 1 | 0,19% | 31 | 6,01% | 91 | 17,64% | 393 | 76,16% |
| Kluwer ** | BUGalicia | 153 | 8.824 | 10 | 6,54% | 48 | 31,37% | 55 | 35,95% | 40 | 26,14% |
| Springer | BUGalicia | 113 | 7.324 | 11 | 9,73% | 26 | 23,01% | 39 | 34,51% | 37 | 32,74% |
| Wiley | BUGalicia | 108 | 21.526 | 5 | 4,63% | 22 | 20,37% | 31 | 28,70% | 50 | 46,30% |

* Ver nota da táboa do apartado anterior "Rangos de uso da Colección Consorciada 2006" para BUGalicia.


** Hai que ter en conta que a colección de Kluwer 2006 está composta unicamente por un acceso cruzado, é dicir, polos títulos da C.I.I. subscritos polas tres BU antes de contratar o acceso electrónico consorciado.




En Acs non hai diferenzas de uso con respecto á C.C. 2006. A razón está tanto na calidade dos propios títulos como no seu reducido número (e porque xa figuraban na C.I.I. a maior parte deles).




En Blackwell incrementase a porcentaxe de uso medio e alto e diminúen considerablemente os títulos de baixo uso con respecto á C.C. 2006.




En Elsevier o incremento dos títulos de uso alto fronte ós de medio e baixo experimenta un crecemento substancial con respecto á C.C. É a colección de maior rendemento absoluto.




En Kluwer dado que a C.C. é a mesma da C.I.I., unicamente cabe destacar sobre a reflexión feita no apartado anterior que continúan aparecendo 10 títulos sen ningún uso.



En Springer diminúen fortemente os títulos de nulo e baixo uso e aumentan os de uso alto con respecto á C.C.



En Wiley incrementábase de forma destacada a porcentaxe de títulos de uso alto, diminuíndo tamén moi claramente os de uso nulo e baixo. É o segundo paquete cun maior rendemento de uso absoluto.



Do total de 1.128 títulos que compoñen a C.I.I. a porcentaxe de títulos de uso alto acérase ao 60% dos títulos da colección fronte a unha porcentaxe dun 15% de títulos de baixo ou nulo uso. Globalmente a porcentaxe de títulos con uso elevado incrementábase en 20 puntos con respecto á C.C. e diminúen os títulos de uso baixo ou nulo nunha porcentaxe moi semellante. Segue existindo unha reducida porcentaxe de títulos da C.I.I. (14) que non tiveron ningún uso fronte a 20 que tampouco tiveron ningún uso no ano 2005.

5. Títulos con estadísticas de uso non incluídos na colección subscrita (C.C.) por Bugalicia 2006

Pareceunos interesante incluír neste estudo aqueles títulos non subscritos, usados polos investigadores do SUG a partir dun nivel medio de descargas, como información de interese para as bibliotecas universitarias.

| Editor | Univ | Num Títos Non Contratados BUGalicia | Usados | Total Descargas |
|------------|-----------|-------------------------------------|--------|-----------------|
| Blackwell | BUGalicia | 162 | 44 | 554 |
| Elsevier * | BUGalicia | 69 | 47 | 197 |
| Wiley | BUGalicia | 379 | 39 | 687 |

* No Counter de Elsevier, este ano, inclúense menos títulos anteriores que no ano 2005.

Os ficheiros Counter de Blackwell, Elsevier e Wiley aportan datos de máis títulos dos contratados por BUGalicia debido a que inclúen:

- Títulos anteriores de títulos en curso (cambios de título).
- Anos retrospectivos non contratados.
- Títulos contratados por departamentos, proxectos ou investigadores individuais.
- Títulos gratuítos ou complementarios.

Relación de títulos cun uso medio ou alto:

| Editor | Título | Issn | Total Descargas UDC | Total Descargas USC | Total Descargas UVI | Total Descargas |
|-----------|--|-----------|---------------------|---------------------|---------------------|-----------------|
| Blackwell | Journal of Food Science | 0022-1147 | 0 | 184 | 16 | 200 |
| Blackwell | Hereditas – open access | 0018-0661 | 41 | 16 | 33 | 96 |
| Blackwell | Econometrica – gratis | 0012-9682 | 3 | 21 | 33 | 57 |
| Blackwell | Aging Cell – gratis | 1474-9718 | 0 | 27 | 6 | 33 |
| Blackwell | Journal of Thrombosis and Haemostasis – gratis | 1538-7933 | 0 | 26 | 0 | 26 |
| Blackwell | Comprehensive Reviews in Food Science and Food Safety | 1541-4337 | 0 | 17 | 1 | 18 |
| Blackwell | Journal of Applied Social Psychology | 0021-9029 | 6 | 5 | 2 | 15 |
| Blackwell | Kidney International | 0085-2538 | 0 | 14 | 0 | 14 |
| Elsevier | Atmospheric Environment (1967) | 0004-6981 | 0 | 0 | 19 | 19 |
| Elsevier | Comparative Biochemistry and Physiology Part A: Physiology | 0300-9629 | 0 | 0 | 14 | 14 |
| Elsevier | Journal of Fermentation and Bioengineering | 0922-338X | 0 | 0 | 14 | 14 |

CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA

| | | | | | | |
|----------|--|-----------|-----|-----|----|-----|
| Elsevier | Netherlands Journal of Sea Research | 0077-7579 | 0 | 0 | 14 | 14 |
| wiley | Biotechnology and Bioengineering 1959-1995 | 0006-3592 | 155 | 0 | 0 | 155 |
| wiley | ChemMedChem – gratis | 1860-7179 | 10 | 109 | 21 | 140 |
| wiley | AIChE Journal 1955-1997 | 0001-1541 | 84 | 0 | 0 | 84 |
| wiley | Acta Biotechnologica 1980-2000 | 0138-4988 | 65 | 0 | 0 | 65 |
| wiley | Biotechnology Journal – gratis | 1860-6768 | 27 | 16 | 18 | 61 |
| wiley | Chemistry - An Asian Journal – gratis | 1861-4728 | 2 | 32 | 18 | 52 |
| | | | | | | |
| wiley | Chemie Ingenieur Technik 1949-1999 | 0009-286X | 24 | 0 | 0 | 24 |
| wiley | Chemical Engineering and Technology 1987-1997 | 0930-7516 | 22 | 0 | 0 | 22 |
| wiley | Electronic Journal of Theoretical Chemistry – gratis | 1082-4928 | 0 | 12 | 0 | 12 |

7.4.3. Estudo do uso individualizado de cada universidade


1. Budc



Estudo do 100% da Colección Consorciada 2006 e da Colección Inicial Impresa (C.I.I.)

| Editor | Univ | Num Títos C.C. 2006 | Usados | % | Sen uso | % | Num Títos C.I.I. | Usados | % | Sen uso | % | % usados 2006 na C.I.I. | % usados 2006 non na C.I.I. |
|--------------------|------|---------------------|--------|--------|---------|--------|------------------|--------|---------|---------|--------|-------------------------|-----------------------------|
| Acs * | Budc | 35 | 34 | 97,14% | 1 | 2,86% | 11 | 11 | 100,00% | 0 | 0,00% | 32,35% | 67,65% |
| Blackwell | Budc | 764 | 497 | 65,05% | 267 | 34,95% | 108 | 92 | 85,19% | 16 | 14,81% | 18,51% | 81,49% |
| Elsevier | Budc | 1.766 | 1.260 | 71,35% | 506 | 28,65% | 182 | 161 | 88,46% | 21 | 11,54% | 12,78% | 87,22% |
| Kluwer | Budc | 153 | 102 | 66,67% | 51 | 33,33% | 44 | 32 | 72,73% | 12 | 27,27% | 31,37% | 68,63% |
| Springer | Budc | 528 | 277 | 52,46% | 251 | 47,54% | 29 | 24 | 82,76% | 5 | 17,24% | 8,66% | 91,34% |
| Wiley | Budc | 480 | 310 | 64,58% | 170 | 35,42% | 42 | 39 | 92,86% | 3 | 7,14% | 12,58% | 87,42% |
| Springer/Kluwer ** | Budc | 681 | 379 | 55,65% | 302 | 44,35% | 73 | 56 | 76,71% | 17 | 23,29% | 14,78% | 85,22% |


* O número de descargas de ACS tería que incrementarse en 2.485 debido ás descargas de "ACS Journal Archives" que é un compendio dos títulos anteriores (retrospectivos ou cambios de título).

** Presentamos tamén a unión dos datos de uso de Springer e Kluwer debido a que para o ano 2007 non se poderán desglosar e para facilitar así a comparativa para cos datos deste ano.





Ganancia consorcial




Conclusiones:

Da táboa e gráficas anteriores despréndese que a ganancia consorcial contemplada dende a perspectiva individual da BUDC reflicte unha ganancia de acceso en tódolos paquetes bastante superior á ganancia de conxunto de BUGalicia estudada no apartado anterior, ganancia que se reflicte no número de novos títulos usados e que van dende os 24 de ACS ata os 1.766 de Elsevier.

É unha ganancia moi notable que se sitúa por encima do 67% en tódalas plataformas, superando o 90% na de Springer. Inclusive na colección de Kluwer que como xa sinalamos anteriormente está composta unicamente polos títulos impresos contratados inicialmente polas tres Bibliotecas Universitarias, e que amosa unha ganancia para a BUDC do 68% de títulos.

Comparativa Ganancia Consorcial 2005 vs 2006




No uso deste ano 2006 obsérvase un pequeno incremento da ganancia consorcial en tódolos paquetes sobre a ganancia obtida en 2005, achegándose a un 4% na colección de Blackwell.


Estudo do 80% da Colección Consorciada 2006 con respecto á Colección Inicial Impresa (C.I.I.)

| Editor | Univ | Num Tít C.C. 2006 | Total Descargas por Paquete | Num Tít no 80% das descargas | % dos tít no 80% das descargas | Valor do 80% das descargas | Num Tít da C.I.I. | Num Tít do 80% na C.I.I. | Num Tít do 80% non na C.I.I. |
|-----------|------|-------------------|-----------------------------|------------------------------|--------------------------------|----------------------------|-------------------|--------------------------|------------------------------|
| Acs * | Budc | 35 | 8.435 | 10 | 28,57% | 6.748 | 11 | 7 | 3 |
